

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 29/02/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/02/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 1 de febreiro de 2024.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xaneiro de 2024.
3. Aprobación, se procede, da compatibilidade solicitada por un funcionario municipal, para o exercicio dunha actividade privada
4. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades Deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2023
5. Aprobación, se procede, da declaración das obras de "acondicionamento de local para dotar o baixo coas condicións necesarias para crear un espazo de oficinas para Cruz Roja O Salnés" na Rúa Ramón Piñeiro López 17-19, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO

6. Aprobación, se procede, da resolución do contrato de concesión administrativa, construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo da Praza Xoan XXIII, adxudicado o 24 de xullo de 2002, a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA (PROINSA)
7. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal
8. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional da Muller.
9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á reparación e consolidación de vial na Rúa Souto de Arriba de Castroagudín.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre mellora do proxecto de accesibilidade da Rúa Ameixeiras
13. Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia de D. Alvaro Carou, en calidade de Concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación nas praias da Concha e Compostela
14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
17. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Angel Figueiredo González e D. Fernando Pérez Quintela, utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 1 DE FEBREIRO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 1 de febreiro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción asociación en Rexistro Municipal
- 3 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde Obras
- 1 Alzamento suspensión prazo máximo de resolución concesión aparcamento Praza Xoan XXIII
- 1 Cambio vehículo licenza taxi
- 3 Expte. De modificación de crédito por transferencia
- 2 Baixa en rexistro animais potencialmente perigosos
- 1 Baixa de oficio no Padrón de Habitantes
- 1 Autorización festa en Cea
- 1 Expediente Sancionador de Tráfico
- 2 Acordo de prescritos expte. Sancionador de tráfico
- 5 Recurso de reposición expte. Sancionador de tráfico
- 20 Primeiras alegacións ordinario expte. Sancionador de tráfico
- 3 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Bases proceso selección persoal
- 2 Dedución de haberes por ausencia non xustificada do posto de traballo
- 1 Nomeamento funcionario interino
- 1 Actualización importes retribucións complementarias por aplicación RPT
- 1 Delegación de funcións da Alcaldía
- 1 Pagamento Plan de Pensións
- 6 Substitución cargo de categoría superior
- 3 Recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
- 1 Estimatoria rateo no IVTM
- 1 Estimatoria ICIO
- 1 Estimatoria derivación subsidiaria
- 35 Estimatoria pagos duplicados
- 28 Estimatoria fallidos
- 2 Estimatoria outras solicitudes tributarias
- 10 Estimatoria/desestimatoria IBI
- 1 Estimatoria IAE
- 8 Estimatoria liquidacións e baixas
- 13 Estimatoria compensación de débedas
- 4 Estimatoria recibos

18 Estimatoria/Desestimatoria beneficios fiscais IVTM
1 Estimatoria providencia de prema
16 Estimatoria taxas e prezos públicos
5 Estimatoria IIVTNU
1 Calendario fiscal 2024
6 Pago expediente Intervención
3 Pago expediente Tesourería
8 Ordes de pagamento varios
5 Comisións bancarias
4 Préstamo bancario
11 Deber de conservación
2 Recurso contencioso administrativo Xerencia de Urbanismo
8 Reposición da legalidade urbanística
3 Licenza de primeira ocupación e acometidas auga e saneamento
36 Comunicación previa obras menores
12 Licenza de obra menor
2 Licenza de segregación
8 Licenza de obra maior
1 Ineficacia comunicación previa
2 Conformidade proxecto de execución
2 Prorroga para execución de obras
4 Comunicación apertura de establecementos
1 Desestimación recurso de reposición terraza establecemento
TOTAL: 323

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=2>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPATIBILIDADE SOLICITADA POR UN FUNCIONARIO MUNICIPAL, PARA O EXERCICIO DUNHA ACTIVIDADE PRIVADA. Dáse conta do Ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado o día 15 de xaneiro de 2024 por D Pablo Vidal Vázquez, que presta servizos como persoal funcionario de carreira a tempo completo solicitando se lle autorice a compatibilidade para o desempeño de seu posto de traballo no Concello de Vilagarcia coa realización dunha actividade privada non superior a 6 horas semanais.

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos no que se indica:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira: A Lei 53/1984 de 26 de decembro no seu artigo 2 establece a súa aplicación ao persoal ao servizo das Corporacións Locais, e se entenderá incluído todo o persoal calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego (funcionario, laboral ou persoal eventual).

Segunda: Segundo a información que consta na solicitude non se aprecia que a compatibilidade que se solicita poida impedir ou menoscabar o estricto cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia aos efectos do previsto no artigo 1.3 da Lei 53/1984. Polo que procedería analizar a procedencia da autorización que se insta.

Terceira: Conforme ao artigo 14 da Lei 53/1984 o exercicio de actividades profesionais laborais, mercantiles ou industriais fora da Administración Pública require do previo recoñecemento/autorización de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo ou autorizando a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade distarase no prazo de dous meses, e corresponde a súa resolución ao Pleno da Corporación Local.

Cuarto: Segundo o artigo 16, e por excepción á regra xeral de incompatibilidade poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equivalente sempre que a cuantía non supere ao 30% das súas retribucións básicas excluídos os conceptos que teñan seu orixen na antigüidade.

O posto de Profesor de Música que desempeña o solicitante ten asignadas as seguintes retribucións:

- Salario Base mensual Grupo II 1.119,41€

Límite mensual 30% Retribucións Básicas: 335,83€-

Complemento Específico: Código RPT 10 - mes 832,86€

En consecuencia a aplicación do artigo 16 da Lei 53/1984 implicaría a redución mensual de 497,03€ do importe do Complemento Específico.

CONCLUSIONES:

En consecuencia de Autorizarse a compatibilidade solicitada o Complemento Específico do solicitante non podería superar a cuantía do 30% das retribucións básicas 335,83€, entendendo que o solicitante asume coa súa solicitude á redución na súa retribución na cantidade entre o límite exposto e a cuantía do complemento específico que actualmente percibe e que inclúe o factor de incompatibilidade, implicaría a redución mensual de 497,03€ do importe do Complemento Específico.

Ditos importes están calculados a data do presente informe debendo adaptarse no caso de incrementos ou variacións retributivas.

En todo caso a resolución lle corresponde ao Pleno Municipal, no prazo de dous meses dende a presentación da solicitude.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a autorización da compatibilidade solicitada por D. Pablo Vidal Vázquez para o desempeño do seu posto de traballo no Concello de Vilagarcía de Arousa coa realización dunha actividade privada non superior a 6 horas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Autorizar a compatibilidade solicitada por D. Pablo Vidal Vázquez para o desempeño do seu posto de traballo no Concello de Vilagarcía de Arousa coa realización dunha actividade privada non superior a 6 horas semanais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2023.- Dáse conta do Ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Anual de actividades da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ao ano 2023, aprobada polo Consello Reitor, en sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2024:

O resumo da memoria foi desagregada nos seguintes apartados:

1.- ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

- 1.1 Escola Deportiva de Psicomotricidade. Tempada 2022/23.
- 1.2.- Escola Multideportiva.
 - 1.2.1.Tempada 2022/23.
 - 1.2.2.Tempada 2023/24.
- 1.3.- Escola Deportiva de Base.
 - 1.3.1.Tempada 2022/23.
 - 1.3.2.Tempada 2023/24.
- 1.4.- Escolas Municipais de Navegación. Ano 2023.

2.- ACTIVIDADES FISICO DEPORTIVAS PARA ADULTOS.

- 2.1.- Ano 2023
 - 2.1.1.- 1º curso.
 - 2.1.2.- 2º curso.
- 2.2.- Tempada 2023-24
 - 2.2.1.- 1º curso

3.- VACACIONES DEPORTIVAS VILAGARCÍA 2023.

- 3.1. Vacacións Multideportivas
- 3.2. Activo MAIORmente
- 3.3. Movemento Intelixente en familia
- 3.4. Eventos deportivos
 - 3.4.1.- XX Torneo de Tenis de Verán.
 - 3.4.2 – VI Torneo de Badminton
 - 3.4.2.- XIX Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía

5.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

- 5.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.
- 5.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (9) e tres abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA DOTAR O BAIXO COAS CONDICIÓNES NECESARIAS PARA CREAR UN ESPAZO DE OFICINAS PARA CRUZ ROJA O SALNÉS NA RÚA RAMÓN PIÑEIRO LOPEZ 17-19, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DE BONIFICACIÓN DO ICIO. Dáse conta do Ditame emitido pola Comisión Informativa de

Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendos do seguinte teor:

Antecedentes de feito: D/DNA LIDIA ROMERO ARESTE e/r CRUZ ROJA ESPAÑOLA solicita o 06/02/2024 (RE WEB2024000837) a bonificación no IICIO correspondente a:

OBRA: ACONDICIONAMENTO DE LOCAL

SITUACION: RUA RAMON PIÑEIRO LOPEZ 17-19 (Ref. Cat. 9564013NH1196N0063TU; 9564013NH1196N0064YI).

con fundamento no establecido na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Fundamentos de dereito: A citada bonificación ven regulada o art. 4.2 da Ordenanza Fiscal Nº 1.3, que establece o seguinte:

2.- O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Proposta de resolución: A obra para a que se solicita a bonificación consiste no “ acondicionamento de local para dotar o baixo coas condicións necesarias para crear un espazo de oficinas para Cruz Roja O Salnés”.

O local terá un uso Administrativo.

Por Resolución da Alcaldía de data 30/01/2024 concedeuse a licenza para o citado acondicionamento.

Pola súa parte, o Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Roja Española, establece no seu art. 1 que a Cruz Roja é unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interés público, configurada como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas.

O art 2 determina que o seu obxectivo é a difusión e aplicación dos Principios Fundamentais do Movemento Internacional da Cruz Roja e Media Luna Roja, concretando as súas actividades na consecución dos seguintes fins: Búsqueda e fomento da paz, difusión e ensinanza do Dereito internacional humanitario, actuación en caso de conflitos armados, atención a persoas e colectivos que sufren, prevención e reparación de danos orixinados por catástrofes, epidemias e outros, accións de solidariedade, programas de salud, etc.

A Orden DSA/1184/2023 modifica o art. 5 da Orden SCB/801/2019, quedando do seguinte xeito:

Art. 5.2: Cruz Roja Española, no marco do seu obxecto institucional, poderá desenvolver calquer tipo de actividade relacionada cos seus fins específicos e, na súa realización, prestar os seguintes servizos:

Promoción da igualdade entre homes e mulleres, fomento da empregabilidade, asistencia psicolóxica, social, sanitaria, salvamento e socorrismo, teleasistencia, intervención con persoas dependentes e en risco de exclusión social, programas de prevención , medio ambiente, vulnerabilidade, así como estudos e investigación en calquer campo relacionado con seus fins e actividades.

Considerando a solicitude presentada, a normativa de aplicación, así como as características que reúne a entidade Cruz Roja Española, infórmase favorablemente o carácter de obra de especial interés ou utilidade pública municipal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da declaración das obras

de "Acondicionamento de local para dotar o baixo coas condicións necesarias para crear un espazo de oficinas para Cruz Roja O Salnés" na Rúa Ramón Piñeiro López 17-19, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a declaración das obras de "Acondicionamento de local para dotar o baixo coas condicións necesarias para crear un espazo de oficinas para Cruz Roja O Salnés" na Rúa Ramón Piñeiro López 17-19, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, CONSTRUCIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO DA PRAZA XOAN XXIII, ADXUDICADO O 24 DE XULLO DE 2002, A PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA SA (PROINSA).- Dáse conta do Ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO NA PRAZA XOÁN XXIII

Antecedentes

Con data de entrada no rexistro xeral do concello de Vilagarcía de Arousa do 25 de outubro de 2023, recíbese solicitude do Xulgado Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra, en relación co cumprimento de Sentenza número 306/2021 de data 23 de setembro de 2021 emitida por este mesmo Xulgado, confirmada pola Sentenza do 4 de marzo de 2022 da Sección 3ª da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que obriga ao Concello de Vilagarcía de Arousa a “aperturar expediente administrativo, con audiencia da concesionaria, para a declaración da resolución do contrato de concesión e a súa liquidación resolvendo expresa e finalmente, en prazo, sobre o seu importe e establecendo unha data efectiva de reversión do activo, nos termos que se din na fundamentación xurídica desta sentenza.”

A Secretaria Xeral e o Interventor do Concello de Vilagarcía de Arousa emitiron os correspondentes informes que constan no expediente, con datas 17 e 23 de novembro de 2023, respectivamente.

O Pleno de Corporación, na súa sesión do 30 de novembro de 2023 tomou, entre outros, os seguintes acordos:

a) A incoación, para dar cumprimento ás sentenzas xudiciais, do procedemento administrativo de resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza Xoán XXIII, adxudicado a Promocións Inmobiliarias do Pisuerga, S.A. (PROINSA), polo Pleno da Corporación Municipal o 24 de xullo de 2002; debendo tramitarse os procedementos administrativos que correspondan para executar o resolvido polos órganos xudiciais.

A reversión das instalacións e servizos, libres de calquera carga ou gravame e baleiros, co cesamento no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión, e posta ao dispor do Concello en perfecto estado de conservación e mantemento como establece o PCAP, que terá lugar aos 15 días hábiles desde o seguinte á notificación a PROINSA da resolución que se dite no presente procedemento.

Respecto a a garantía, propónse a súa retención ao non dispoñer neste momento dos elementos de xuízo necesarios para a súa cancelación tendo en conta que o órgano xudicial non cualificou o concurso como fortuíto ou culpable, e tendo en conta que, en canto resólvese o contrato e materialícese a reversión das instalacións procederáse á emisión dos correspondentes informes para a tramitación da liquidación do contrato, procedemento no que se resolverá sobre a garantía e demais cuestións atinentes á liquidación, dando total cumprimento á Sentenza do 23 de setembro de 2021.

b) Facultar á Alcaldía, en base ao disposto no artigo 22.1.d) da LPAC para decretar, de ser necesario, a suspensión do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución, polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame do Consello Consultivo de Galicia, con notificación a todas as persoas interesadas; tanto a solicitude de ditame e suspensión do prazo como a recepción do ditame e continuación do cómputo do prazo de tres meses. Así como en calquera outro suposto contemplado no artigo 22 da LPAC.

O 1 de decembro de 2023, número de rexistro de saída 2023010139, solicítase do rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa (Entrada 8570/2023, de data 1 de decembro de 2023, asento diario 56/59), certificación de titulares de cargas e dereitos, a obxecto de que poidan ser oídos, así como solicítase a anotación marxinal sobre o inicio do procedemento de resolución.

O acordo plenario foi posto a disposición do Banco Santander e Proinsa, interesados coñecidos ata ese momento, de forma electrónica o 1 de decembro de 2023, quen accedeu á notificación con datas 5 e 10 de decembro de 2023, con códigos CSV - DEHU-656d-333e-8811-157f-d677-979a-343c-0e7e e DEHU 740e-a035-6fdb-f30a-8075-d0f6-dcb0-b2ba, respectivamente.

Con data 20 de decembro de 2023 (rexistro WEB2023009260), Don Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de Promocións Inmobiliarias do Pisuerga, S.A. (PROINSA), presenta escrito de alegacións en relación co devandito acordo plenario. Aínda que non formula oposición á resolución do contrato de concesión, mostra a súa desconformidade coa retención da garantía e formula determinadas apreciacións sobre a liquidación do contrato, que se substanciarán posteriormente, no futuro expediente de liquidación do contrato.

O alegante, Don Juan Manuel Lorenzo Hernando, en representación de Promocións Inmobiliarias del Pisuerga, S.A. (PROINSA), solicita do concello: “a resolución formal do Contrato de concesión, a recuperación posesoria das infraestruturas inherentes ao mesmo e a apertura de expediente contradictorio de liquidación da concesión, absténdose de incautar ou reter a garantía definitiva”.

Por Resolución da Alcaldía de data 29 de decembro de 2023 solicitouse ditame do Consello Consultivo de Galicia, acordando, en base ao disposto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a suspensión, polo tempo que medie entre esta petición de ditame e a súa recepción; procedendo a notificar a devandita resolución aos citados interesados Banco Santander e Proinsa.

Por resolución da Presidencia do Consello Consultivo de Galicia, de data 10 de xaneiro de 2024, na que conclúe que ao non manifestar Proinsa, no seu escrito de alegacións, a oposición á resolución do contrato de concesión, non procede a emisión do ditame polo citado órgano consultivo; polo que por resolución da Alcaldía procédese á alza da suspensión acordada o día 15 de xaneiro de 2024, notificándolla ao interesados Banco de Santander e PROINSA.

Con data 31 de xaneiro, de 2024, rexistro WEB2024000697, Banco Santander, S.A., solicita ampliación do prazo de alegacións en 5 días. Por resolución da Alcaldía 1 de febreiro de 2024, acórdase denegar a solicitude de ampliación do prazo de audiencia, por canto foi solicitado unha vez vencido en máis de mes e medio o prazo concedido para alegacións e contravir o establecido no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Dita resolución denegatoria foi notificada a Banco Santander o 2 de febreiro de 2024, código CSV: DEHU-a5f9-bf46-8043-7f53-7fa0-430e-16b7-d83e.

O 19 de xaneiro de 2024, dona Ana Cristina Nogueira Ramadas, rexistradora do Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa, expide certificación en relación coa concesión administrativa do estacionamento de vehículos na Praza Xoán XXIII, no municipio de Vilagarcía de Arousa.

Da citada certificación rexistral dedúcese o seguinte:

Total importe principal hipoteca, segundo certificación rexistral, sen incluír intereses ordinarios, de demora, nin costas e gastos: 1.968.800 €

Faise constar que con data 5 de xullo de 2004 o concello de Vilagarcía de Arousa autorizou a PROINSA hipotecar o dereito real de concesión para a construción e explotación de aparcamento de vehículos na praza Xoán XXIII, por un período de 17 anos, sendo o prazo improrrogable de duración do préstamo ata o día 4 de agosto de 2021, segundo certificación rexistral. Da citada certificación rexistral se deduce que 15 prazas de garaxe e 4 locais comerciais están libres de cargas, a restante superficie atópase con cargas.

Segundo proxecto, a distribución é a seguinte:

Planta	Distribución Parking Xoán XXIII	Superficie construída Parking Xoán XXIII
Teito soto 1	Praza pública: accesos	2.316,00 m ²
Soto 1	Zona de aparcamento (80 prazas); accesos, aseos, locais	2.316,00 m ²
Soto 2	Zona de aparcamento (80 prazas); accesos, locais	2.316,00 m ²
Soto 3	Zona de aparcamento (82 prazas); accesos, locais	2.321,81 m ²
Total superficie		9.269,81 m ²

Las tarifas de prezos pola utilización das prazas de garaxe do Parking, que figuran expostas nas instalacións, son as seguintes (IVE incluído):

Prezo por minuto: 0,0183€

Máximo por día de estancia: 13,15€

ABONOS	15 días	30 días
Abonos 12 horas	43€	57€
Abonos 24 horas	54€	72€
Abonos 24 horas (3ª planta)		67€
Abonos 24 horas (motocicletas)		36€
Abono especial funcionarios		36€

Unha vez coñecidos a totalidade de interesados, por mor da emisión da certificación rexistral, remitiuse notificación do acordo plenario do 30 de novembro de 2023, a todos e cada un deles, para os efectos de que poidan ser oídos no procedemento, nas datas que a seguir relaciónanse e co resultado que se indica:

1. Don José Varela Caamaño, rexistro de saída 2024000640, del 23 de enero de 2024, notificado o 30 de xaneiro de 2024.
2. Don Rodrigo Martín Terrón, posta a disposición notificación telemática o 2 de febreiro de 2023, con acuse de notificación do 7 de febreiro de 2024
3. Don Andrés Paz-Ares Rodríguez, rexistro de saída 2024000644, do 23 de xaneiro de 2024 e rexistro de saída 2024000795, do 29 de xaneiro de 2024 (ao producirse un cambio de domicilio dos interesados), notificado o 31 de xaneiro de 2024.
4. Don José Luis Gey Martínez, rexistro de saída 2024000637, do 23 de xaneiro de 2024, notificado o 23 de xaneiro de 2024.
5. Don Alfonso Carlos María Otero Fabeiro, rexistro de saída 2024000636, do 23 de xaneiro de 2024, notificado o 23 de xaneiro de 2024.
6. Don Francisco Manuel Barreiro Potel, rexistro de saída 2024000641, do 23 de xaneiro de 2024, notificado o 24 de xaneiro de 2024.
7. ACTIMPO, S.L. posta a disposición electrónica dla notificación o 23 de xaneiro de 2024, constando rexeitada telemáticamente. Remitida por correo certificado con acuse de recibo, se notifica o 29 de xaneiro de 2024.
8. Promociones Carabuxa, S.L., posta a disposición notificación telemática o 23 de xaneiro de 2023, con acuse de notificación o mesmo día.
9. Atplan, S.L., posta a disposición notificación telemática o 23 de xaneiro de 2023, con acuse de notificación o mesmo día.

No prazo de alegacións concedido, preséntanse as seguintes:

I. Actimpo, representada por don Jose Manuel Fariña Álvarez, presenta escrito o 5 de febreiro de 2024, rexistro de entrada WEB2024000812, no que manifesta a súa conformidade coa incoación do procedemento de resolución do contrato de concesión, a vontade de manter os dereitos sobre as prazas de aparcamento e a súa intención de reclamar a correspondente indemnización no caso de que, unha vez resollido o contrato, o concello de Vilagarcía de Arousa decida

resolver o contrato formalizado pola concesionaria e que implicaría a perda dos dereitos de Actimpo sobre as prazas.

II. ATPLAN, S.L. representada por don Eugenio Jiménez Passolas, presenta escrito con data 2 e 5 de febreiro de 2024, rexistros de entrada WEB2024000756 e WEB2024000796, no que solicita o recoñecemento e mantemento dos dereitos adquiridos na praza de aparcamento nº 14, situada en planta soto terceira.

III. D. Rodrigo Martín Terrón, presenta escrito con data 12 de febreiro de 2024, rexistro de entrada WEB2024000981, no que solicita seguir dispoñendo do uso da praza de aparcamento número 12, situada en planta soto terceira, polo tempo previsto inicialmente (50 anos), no contrato subscrito coa sociedade PROINSA. Así mesmo, solicita que no caso de que de dispoña convocar un novo concurso para a concesión da xestión do servizo de estacionamento subterráneo na praza Xoán XXIII, poder subrogarse no dereito de seguir facendo uso e disposición da praza de aparcamento, polo prazo acordado de 50 anos ou, subsidiariamente, solicitar unha indemnización polo período que resta da concesión inicial do ano 2008 e de cuxo dereito de uso non podería exercer.

IV. Con data 13 de febreiro de 2024, rexistro WEB2024000997, don Andrés Paz-Ares Rodríguez e dona Teresa Jácome Feijoo solicitan que, con pleno respecto do dereito dos titulares rexistrados das prazas de garaxe, mantéñanse as condicións de uso e utilización do aparcadoiro e procedase a recoñecer que as facultades de xestión do aparcamento exercidas pola PROINSA pasen a ser desempeñadas pola Comunidade de Usuarios.

Con data 1 de febreiro de 2024, rexistro WEB2024000744, don Roger Cartaxena Vime, en representación de Banco Santander, S.A., solicita que se lles considere como parte interesada no expediente de liquidación do contrato de concesión que instrúa o concello, para resolver a garantía e demais cuestións referentes á liquidación. Con data 15 de febreiro de 2024, rexistro 2024002170, don Roger Cartaxena Vime, en representación de Banco Santander, S.A., reitera solicitude de que se lles considere como parte interesada no expediente de liquidación que instrúa o concello, na súa condición de acreedor hipotecario da concesión administrativa.

Por último, indicar que o artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece entre outras cuestións as seguintes:

1. O cambio de titularidade dunha empresa, dun centro de traballo ou dunha unidade produtiva autónoma non extinguirá por si a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigacións laborais e de Seguridade Social do anterior, incluíndo os compromisos de pensións, nos termos previstos na súa normativa específica, e, en xeral, cantas obrigacións en materia de protección social complementaria houber adquirido o cedente.

2. Para os efectos do previsto neste artigo, considerarase que existe sucesión de empresa cando a transmisión afecte a unha entidade económica que manteña a súa identidade, entendida como un conxunto de medios organizados a fin de levar a cabo unha actividade económica, esencial ou accesoria.

Tramitándose o expediente de acordo con a normativa de aplicación e non opoñéndose ningún dos interesados á resolución do contrato, non procede solicitar un novo ditame do Consello Consultivo de Galicia.

O prazo para a completa tramitación do procedemento de resolución do contrato é de tres meses, o cal se computa desde a data do acordo de incoación ata a notificación a PROINSA da resolución que se dite, polo Pleno da Corporación.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e os informes favorables de Secretaría e Intervención.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- A resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza de Xoán XXIII, adxudicado á mercantil PROINSA, polo pleno da Corporación do concello de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión do 24 de xullo de 2002.

A apertura da fase de liquidación de PROINSA constitúe unha causa de resolución do contrato que non pode ser imputable á Administración municipal e que, aínda cando o concurso de acredores non resulte cualificado como culpable, ten a súa orixe no ámbito da entidade contratista, isto é, a resolución do contrato prodúcese por causa imputable a PROINSA.

2.- A retención da garantía constituída mediante depósito de 18.030,36 euros (garantía de

outorgamento da concesión prevista na cláusula decimoprimeira 4. dos pregos que rexen o contrato) e a desestimación das alegacións presentadas pola entidade PROINSA.

Neste momento en que non se tramitou a peza de cualificación do concurso considérase máis adecuado que a decisión respecto a devolución ou non devolución da garantía se adopte no procedemento de liquidación do contrato onde se determinarán os efectos derivados da resolución do contrato, con audiencia ás persoas interesadas.

3.- A reversión das instalacións e servizos, que nestes momentos na súa maioría teñen cargas e gravames, tal e como consta na certificación expedida pola Rexistradora da Propiedade de Vilagarcía de Arousa. As cargas proceden do Banco Popular Español, S.A. (na actualidade Banco Santander S.A.)

A reversión do inmovible e de todas as instalacións haberá de realizarse en perfecto estado de conservación e mantemento. A tal fin, previamente á data establecida para o acto formal de reversión realizarase visita polo técnico designado pola Administración municipal ao inmovible, o día 4 de marzo de 2024, a fin de revisar se o inmovible cumpre as condicións de entrega establecidas no prego de condicións e detallará todas as deficiencias que presente o inmovible e as instalacións correspondentes ao aparcamento coa valoración da súa reparación. Deste informe darase traslado á concesionaria, o día 6 de marzo de 2024, coa debida antelación á data de reversión das instalacións, que será aos 15 días hábiles seguintes ao da notificación a PROINSA do acordo plenario, co requirimento de que proceda á corrección e reparación das deficiencias advertidas para o cumprimento das obrigacións asumidas contractualmente, antes da data da toma de posesión das instalacións.

Antes da reversión deberá comprobarse o grao de cumprimento do anterior requirimento de corrección. Se na data de reversión non se procedeu á súa execución, farase constar na Acta de reversión como reparo á recepción satisfactoria con detalle exhaustivo das deficiencias que presente o inmovible e as instalacións.

4.- O cesamento no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión, por parte de PROINSA.

5.- A posta a dispor do aparcadoiro ao Concello en perfecto estado de conservación e mantemento, tal e como establece o PCAP, que terá lugar aos 15 días hábiles desde o seguinte á notificación a PROINSA do acordo da resolución que se dite no presente procedemento.

6.- Para a toma de posesión das instalacións e servizos do aparcamento obxecto de resolución asistirá, a persoa ou persoas, que ostenten a representación legal de PROINSA, nas propias instalacións do aparcamento. Deberá achegar, contratos de subministración de enerxía eléctrica, auga, saneamento, programas informáticos, mantementos e calquera outros vixentes neste momento. Así como os contratos laborais, copia de recibos de nóminas dos últimos 12 meses e copia de liquidación da Seguridade Social dos últimos 12 meses do persoal que presta servizos no aparcadoiro, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores que afecte a subrogación. Ao día seguinte da toma de posesión, os ingresos obtidos no aparcadoiro serán depositados nunha conta bancaria do concello que se determinará no seu momento, debendo achegar no Concello xustificantes dos ingresos obtidos.

PROINSA deberá achegar unha relación das cotas mensuais que se están ingresando por parte dos titulares dos dereitos de cesión outorgados por dita mercantil, cos datos das últimas actualizacións levadas a cabo.

7.- A subrogación nos contratos de traballo, por sucesión empresarial do persoal que actualmente presta servizo no aparcadoiro, adscribíndoos ao Concello, quedando este subrogado nos dereitos e obrigacións laborais e de Seguridade Social do anterior, de acordo con o artigo 44 do Estatuto dos Traballadores.

8.- Revertido o inmovible e as súas instalacións, incoarase e tramitarase o procedemento de liquidación do contrato e determinación dos efectos da resolución do contrato, de acordo con o réxime legal e contractual aplicable ao contrato.

9.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polas empresas e particulares que se citan a continuación, tendo en conta que o Concello lles permitirá seguir utilizando a praza en virtude do dereito de uso sobre a praza de aparcamento e polo tempo previsto no contrato suscrito no seu día coa sociedade PROINSA que finalizará o 21 de xullo de 2055, sen prexuízo da actualización da cota mensual de gastos de explotación que corresponda nos termos indicados na Cláusula Trixésimo Sétima do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e técnicas.

Desestimar as alegacións realizadas por don Andrés Paz-Ares Rodríguez e dona Teresa Jácome Feijoo en relación coa solicitude de recoñecemento das facultades de xestión do aparcadoiro por parte da Comunidade de Usuarios.

Interesado	Alegacións estimadas (motivación)
ACTIMPO S.L.	Manter os dereitos sobre as prazas de aparcamento nº 1, 2, 3, 4, 5, 6 y 7 de la planta soto terceira.
ATPLAN, S.L.	Recoñecemento e mantemento dos dereitos adquiridos na praza de aparcamento nº 14, planta soto terceira.
Banco Santander	Outorgarlle a consideración como parte interesada no expediente de liquidación do contrato de concesión que instrúa o concello.
Don Rodrigo Martín Terrón	Seguir dispoñendo do uso da praza de aparcamento número 12, situada en plántaa soto terceira, polo tempo previsto inicialmente (50 anos), no contrato suscrito coa sociedade PROINSA. Así mesmo, no caso de que de dispoña convocar un novo concurso para a concesión da xestión do servizo de estacionamento subterráneo na praza Xoán XXIII, poder subrogarse no dereito de seguir facendo uso e disposición da praza de aparcamento, polo prazo acordado de 50 anos ou, subsidiariamente, solicitar unha indemnización polo período que resta da concesión inicial do ano 2008 e de cuxo dereito de uso non podería exercer.
Don Andrés Paz-Ares Rodríguez e Dona Teresa Jácome Feijoo	Manter as condicións de uso do parking con pleno respecto do derecho dos titulares. (Titulares da plaza nº 67, planta soto segunda)

10.- Respecto ao resto de cesionarios permitiráselles seguir usando a praza en virtude do dereito de uso da praza de aparcamento e polo tempo previsto no contrato suscrito no seu día coa sociedade PROINSA, que finalizará o 21 de xullo de 2055 de acordo co establecido na cláusula 6 do PCAP e acta de recepción provisional de 21 de xullo de 2005, sen prexuízo da actualización da cota mensual de gastos de explotación que corresponda nos termos indicados na cláusula trixésimo sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas.

11.- Respecto a o solicitado polo Banco Santander, estímase o solicitado e será considerado parte interesada no procedemento de liquidación e determinación dos efectos da resolución do contrato.

Ao acto de toma de posesión acudirá o Sr. Alcalde, na súa condición de representante do concello de Vilagarcía de Arousa, a Secretaría Xeral do concello, o arquitecto municipal, o Xefe do Servizo de Iluminación Pública, o Xefe do Departamento de Informática, e un funcionario do Departamento de Contratación. Neste acto levantarase unha acta reflectindo o estado de conservación e mantemento do aparcadoiro, a documentación entregada por parte de PROINSA, así como todos os aspectos que se consideren oportunos.

O Alcalde

Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación na Comisión Informativa co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da resolución do contrato de concesión administrativa, construción e xestión do Servizo Municipal de Estacionamento Subterráneo da Praza Xoan XXIII, adxudicado o 24 de xullo de 2002 a Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA (PROINSA).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2), e dez abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

1.- A resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo na Praza de Xoán XXIII, adxudicado á mercantil PROINSA, polo pleno da Corporación do concello de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión do 24 de xullo de 2002.

A apertura da fase de liquidación de PROINSA constitúe unha causa de resolución do contrato que non pode ser imputable á Administración municipal e que, aínda cando o concurso de acredores non resulte cualificado como culpable, ten a súa orixe no ámbito da entidade contratista, isto é, a resolución do contrato prodúcese por causa imputable a PROINSA.

2.- A retención da garantía constituída mediante depósito de 18.030,36 euros (garantía de outorgamento da concesión prevista na cláusula decimoprimeira 4. dos pregos que rexen o contrato) e a desestimación das alegacións presentadas pola entidade PROINSA.

Neste momento en que non se tramitou a peza de cualificación do concurso considérase máis adecuado que a decisión respecto a devolución ou non devolución da garantía se adopte no procedemento de liquidación do contrato onde se determinarán os efectos derivados da resolución do contrato, con audiencia ás persoas interesadas.

3.- A reversión das instalacións e servizos, que nestes momentos na súa maioría teñen cargas e gravames, tal e como consta na certificación expedida pola Rexistradora da Propiedade de Vilagarcía de Arousa. As cargas proceden do Banco Popular Español, S.A. (na actualidade Banco Santander S.A.)

A reversión do inmovible e de todas as instalacións haberá de realizarse en perfecto estado de conservación e mantemento. A tal fin, previamente á data establecida para o acto formal de reversión realizarase visita polo técnico designado pola Administración municipal ao inmovible, o día 4 de marzo de 2024, a fin de revisar se o inmovible cumpre as condicións de entrega establecidas no prego de condicións e detallará todas as deficiencias que presente o inmovible e as instalacións correspondentes ao aparcamento coa valoración da súa reparación. Deste informe darase traslado á concesionaria, o día 6 de marzo de 2024, coa debida antelación á data de reversión das instalacións, que será aos 15 días hábiles seguintes ao da notificación a PROINSA do acordo plenario, co requirimento de que proceda á corrección e reparación das deficiencias advertidas para o cumprimento das obrigacións asumidas contractualmente, antes da data da toma de posesión das instalacións.

Antes da reversión deberá comprobarse o grao de cumprimento do anterior requirimento de corrección. Se na data de reversión non se procedeu á súa execución, farase constar na Acta de reversión como reparo á recepción satisfactoria con detalle exhaustivo das deficiencias que presente o inmovible e as instalacións.

4.- O cesamento no aproveitamento dos bens de dominio público adscritos á concesión, por parte de PROINSA.

5.- A posta a dispor do aparcadoiro ao Concello en perfecto estado de conservación e mantemento, tal e como establece o PCAP, que terá lugar aos 15 días hábiles desde o seguinte á notificación a PROINSA do acordo da resolución que se dite no presente procedemento.

6.- Para a toma de posesión das instalacións e servizos do aparcamento obxecto de resolución asistirá, a persoa ou persoas, que ostenten a representación legal de PROINSA, nas propias instalacións do aparcamento. Deberá achegar, contratos de subministración de enerxía eléctrica, auga, saneamento, programas informáticos, mantementos e calquera outros vixentes neste momento. Así como os contratos laborais, copia de recibos de nóminas dos últimos 12 meses e copia de liquidación da Seguridade Social dos últimos 12 meses do persoal que presta servizos no aparcadoiro, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores que afecte a subrogación. Ao día seguinte da toma de posesión, os ingresos obtidos no aparcadoiro serán depositados nunha conta bancaria do concello que se determinará no seu momento, debendo achegar no Concello xustificantes dos ingresos obtidos.

PROINSA deberá achegar unha relación das cotas mensuais que se están ingresando por parte dos titulares dos dereitos de cesión outorgados por dita mercantil, cos datos das últimas actualizacións levadas a cabo.

7.- A subrogación nos contratos de traballo, por sucesión empresarial do persoal que actualmente presta servizo no aparcadoiro, adscribíndoos ao Concello, quedando este subrogado nos dereitos e obrigacións laborais e de Seguridade Social do anterior, de acordo con o artigo 44 do Estatuto dos Traballadores.

8.- Revertido o inmovible e as súas instalacións, incoarase e tramitarase o procedemento de liquidación do contrato e determinación dos efectos da resolución do contrato, de acordo con o réxime legal e contractual aplicable ao contrato.

9.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polas empresas e particulares que se citan a

continuación, tendo en conta que o Concello lles permitirá seguir utilizando a praza en virtude do dereito de uso sobre a praza de aparcamento e polo tempo previsto no contrato suscrito no seu día coa sociedade PROINSA que finalizará o 21 de xullo de 2055, sen prexuízo da actualización da cota mensual de gastos de explotación que corresponda nos termos indicados na Cláusula Trixésimo Sétima do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e técnicas.

Desestimar as alegacións realizadas por don Andrés Paz-Ares Rodríguez e dona Teresa Jácome Feijoo en relación coa solicitude de recoñecemento das facultades de xestión do aparcadoiro por parte da Comunidade de Usuarios.

Interesado	Alegacións estimadas (motivación)
ACTIMPO S.L.	Manter os dereitos sobre as prazas de aparcamento nº 1, 2, 3, 4, 5, 6 y 7 de la planta soto terceira.
ATPLAN, S.L.	Recoñecemento e mantemento dos dereitos adquiridos na praza de aparcamento nº 14, planta soto terceira.
Banco Santander	Outorgarlle a consideración como parte interesada no expediente de liquidación do contrato de concesión que instrúa o concello.
Don Rodrigo Martín Terrón	Seguir dispoñendo do uso da praza de aparcamento número 12, situada en plántaa soto terceira, polo tempo previsto inicialmente (50 anos), no contrato suscrito coa sociedade PROINSA. Así mesmo, no caso de que de dispoña convocar un novo concurso para a concesión da xestión do servizo de estacionamento subterráneo na praza Xoán XXIII, poder subrogarse no dereito de seguir facendo uso e disposición da praza de aparcamento, polo prazo acordado de 50 anos ou, subsidiariamente, solicitar unha indemnización polo período que resta da concesión inicial do ano 2008 e de cuxo dereito de uso non podería exercer.
Don Andrés Paz-Ares Rodríguez e Dona Teresa Jácome Feijoo	Manter as condicións de uso do parking con pleno respecto do derecho dos titulares. (Titulares da plaza nº 67, planta soto segunda)

10.- Respecto ao resto de cesionarios permitiráselles seguir usando a praza en virtude do dereito de uso da praza de aparcamento e polo tempo previsto no contrato suscrito no seu día coa sociedade PROINSA, que finalizará o 21 de xullo de 2055 de acordo co establecido na cláusula 6 do PCAP e acta de recepción provisional de 21 de xullo de 2005, sen prexuízo da actualización da cota mensual de gastos de explotación que corresponda nos termos indicados na cláusula trixésimo sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas.

11.- Respecto a o solicitado polo Banco Santander, estímase o solicitado e será considerado parte interesada no procedemento de liquidación e determinación dos efectos da resolución do contrato.

Ao acto de toma de posesión acudirá o Sr. Alcalde, na súa condición de representante do concello de Vilagarcía de Arousa, a Secretaría Xeral do concello, o arquitecto municipal, o Xefe do Servizo de Iluminación Pública, o Xefe do Departamento de Informática, e un funcionario do Departamento de Contratación. Neste acto levantarase unha acta reflectindo o estado de conservación e mantemento do aparcadoiro, a documentación entregada por parte de PROINSA, así como todos os aspectos que se consideren oportunos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. Dáse conta do Ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Dende o Centro de Servizos Sociais elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal, tomando como referencia o Regulamento de Réxime Interior das Escolas Infantís da rede de “A Galiña Azul”, incorporando o mesmo texto normativo nalgúns artigos, así como a normativa autonómica en relación ao funcionamento e réxime de prezos e os modelos publicitados dende a Consellería de Política Social.

De tal xeito, o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2021 acordou aprobar con carácter inicial o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 248 do 27 de decembro de 2021.

En sesión ordinaria celebrada o día 25 de agosto de 2022, O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa acordou aprobar con carácter definitivo o Regulamento da Escola Infantil Municipal do

Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 175 do 13 de setembro de 2022.

- En data 13 de setembro de 2022 foi remitido ao Servizo de Inspección de Familia e Menores o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal aprobado para a tramitación do seu visado polo citado servizo.

- A data 2 de novembro de 2023 rexístrase requirimento dende a Secretaria Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores para correxir e adaptar determinados aspectos do regulamento para a súa posterior conformidade para o visado.

Dáse conta da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal para adaptalo ao requirimento feito pola Secretaría Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores para a súa posterior conformidade para o visado.

Dáse conta de informe xurídico da Secretaria Xeral.

O Sr. Rodríguez Paz solicita que se conceda ás familias un prazo de 48 horas para formular alegacións, antes de proceder á baixa do/a alumno/a.

O Sr. Fajardo Recouso solicita o informe remitido polo Servizo de Inspección en relación coa Escola Infantil Municipal.

Así mesmo o solicitan os voceiros dos grupos políticos do PP e do BNG.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal para adaptalo ao requirimento feito pola Secretaría Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores para a súa posterior conformidade para o visado.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=7>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: Dáse conta do Ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do manifesto do seguinte teor:

MANIFESTO CONSELLO LOCAL DA MULLER - 8M DIA INTERNACIONAL DA MULLER

Hoxe 8 de marzo, Día Internacional da Muller, conmemoramos e recordamos o traballo e a loita iniciada, xa máis de cento trece anos, por un grupo de mulleres traballadoras do téxtil que saíron ás rúas para reivindicar un trato salarial xusto e unhas condicións laborais equiparables ás dos homes.

Estamos comprometidas coa igualdade real, e convencidas de que unha igualdade efectiva entre homes e mulleres é posible fomentando a igualdade e o emprego.

En definitiva, temos que seguir loitando para rachar cos teitos de cristal, promovendo e garantindo unha sociedade igualitaria en dereitos e oportunidades.

Aínda así, a pesares dos avances logrados, a situación nestes momentos, en relación ao desemprego feminino, segue sendo preocupante.

A loita pola igualdade ten que ser de toda a sociedade, de homes e mulleres. Debemos construír unha sociedade xusta, social e economicamente desenvolvida, que nos permita avanzar e resolver os actuais problemas.

Hoxe estamos aquí para reivindicar os nosos dereitos pero tamén para visibilizar os avances acadados nestes últimos anos grazas á loita feminista. Por elas, por nós e polas que virán, porque só imos dar pasos cara adiante.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

- Ausentase do Pleno Dona Paola María Mochales.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=8>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.-TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA

POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociación s ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervención s de asociación s ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 21 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

“MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración de 2024 das Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller ten como lema “Investir nas mulleres, acelerar o progreso,” centrándose en cinco áreas que requiren unha acción conxunta: acabar coa pobreza e coa desigualdade, poñer en marcha un financiamento transformador para a igualdade de xénero, pasar a un desenvolvemento sostible e a unha sociedade dos coidados e apoiar os feminismos e movementos que impulsan o cambio.

Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociación s e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Nos últimos tempos, estanse a vivir momentos de profundas transformación s sociais, económicas e culturais arredor de todo o mundo. Crises humanitarias, inxustizas e violencia que poñen en risco os dereitos conseguidos ata o de agora.

Este ano, o 8M quere conmemorar todos os avances conseguidos ata a actualidade, pero tamén promover a consciencia das desigualdades sociais que seguen existindo. Por iso, este día quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das nenas e mulleres, de loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas.

O Grupo Municipal do Popular de Vilagarcía quere sumarse ás reivindicación s e celebración do 8M para poñer de manifesto a importancia do investimento para acadar a igualdade real e efectiva nun eido vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.

Polo día da muller, cómpre lembrar e poñer en valor os pasos dados nos últimos tempos para alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa, como a aprobación da Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, que promove as condición s para que a igualdade do individuo

e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e garantindo os dereitos das mulleres nos eidos rural e marítimo pesqueiro.

Este último ano, Galicia deu un importante paso na regularización coa aprobación da Lei 07/2023, Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes na Comunidade Autónoma, aprobada o 30 de novembro. Unha medida que consagra o marco da Lei Orgánica 03/2007 para eliminar a discriminación das mulleres e atribuíndo o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre mulleres e homes no eido das competencias da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía insta a acordar por parte do Pleno municipal:

a) Que o Concello, no marco das súas competencias:

1. Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local.
2. Incremente a colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.
3. Promovaa a adhesión dos locais de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas.

b) Dirixirse á Xunta de Galicia para:

1. Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.
2. Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.
3. Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuízos e estereotipos de xénero.
4. Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.
5. Fomentar a igualdade como base fundamental na elaboración e execución das políticas administrativas (convenios, plans de acción, protocolos etc.)

c) Dirixirse ao Goberno do Estado para:

1. Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.
2. Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, así como que a repartición sexa igualitaria e en base a uns criterios xustos e equitativos.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP con motivo do Día Internacional da Muller, 8 de marzo.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, seguinte:

b) Instar á Xunta de Galicia para:

6. incrementar a financiación dos CIM.

d) Instar á Deputación de Pontevedra a:

1. Manter a financiación e a colaboración cos concellos e coas organizacións que están a traballar no eido da promoción da igualdade e na prevención das violencias machistas.
2. Revertir a súa decisión de censurar a presenza das catro relatoras e activistas feministas, Montse Fajardo, Mercedes Queixas, Chus López Escudero e Elsa Quintáns, do programa "Aquí faltan páxinas" da Deputación de Pontevedra.

- O grupo político municipal do PP non acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (9) e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP con motivo do Día internacional da Muller, 8 de marzo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REPARACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE VIAL NA RÚA SOUTO DE ARRIBA DE CASTROAGUDÍN.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 12 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA Á REPARACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE VIAL NA RUA SOUTO DE ARRIBA DE CASTROGUDÍN

Francisco Xabier Rodríguez Paz, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario, a seguinte moción: **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Segundo consta na acta do Pleno Ordinario celebrado o 01 de Decembro de 2022, foi aprobada por unanimidade (20 concelleiras e concelleiros presentes) unha moción destinada “AO ARRANXO DA RÚA SOUTO DE ARRIBA EN CASTROGUDÍN” pola que se instaba ao Concello de Vilagarcía a incluír nos Orzamentos de 2023 unha partida económica para executar ditos traballos de arranxo, ampliación e construción dun muro de contención.

A importancia da obra, demandada pola veciñanza neste vial de titularidade municipal, -a través de escritos aos que non se lle deu resposta- viña dada polo risco de derrubamento nalgúns dos seus puntos situados a unha cota elevada (maior de tres metros no seu tramo superior) que dá acceso a unha vivenda, e que sufriran un notable deterioro a raíz dos incendios do verán de 2022, cando os equipos de extinción tiveron que acceder por dito vial cos seus vehículos para sufocar as lapas do monte próximo, que ameazaban perigosamente ás vivendas da contorna.

Nese contexto determinouse que dita rampla era o punto de maior accesibilidade para atallar o lume, comprobándose, para accións futuras, que requiriría de maior anchura e consolidación do muro de contención, que afecta igualmente a unha pequena canalización de auga.

Desde agosto de 2022 o deterioro é evidente, con fendas que anuncian un hipotético risco de que o camiño acabe por vencer e derrubarse sobre o predio anexo, advertencia que, nun novo escrito presentado ao Concello en Xuño de 2023, facía o veciño máis directamente afectado, D. Roberto César Abalo, sen recibir, unha vez máis, contestación por condutos oficiais.

A día de hoxe non se executou – máis aló da limpeza da contorna destas semanas- ningún traballo de arranxo ou consolidación, non contemplándose orzamentariamente, nin sequera nos remanentes de 2023.

Cónstalle a este grupo municipal que propietario do predio anexo, cuxa referencia catastral é a

2969808NH2126N0001GH, está disposto a negociar a cesión de terreo necesario para anhear e consolidar dito vial, feito do que era coñecedora esta Corporación Municipal a través da moción presentada en Decembro de 2022, e do que se vén de ratificar nos últimos días en información transmitida directamente ao BNG. Lembremos que os acordos de cesión non son algo inusual, recurríndose a eles para obras de interese social como a ampliación de camiños, supresión de barreiras arquitectónicas, etc.

No Pleno de en resposta á pregunta formulada polo grupo municipal de BNG sobre estudos técnicos ou outras xestións realizadas neste asunto, afirmouse que “faltaba negociar co veciño que ofrece os terreos para a obra”

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Que, á maior brevidade, se contacte coa veciñanza máis directamente afectada neste asunto, para pechar o acordo de cesión.

Que a dotación económica para executar o arranxo, ampliación e consolidación mediante muro de contención do vial de Souto de Arriba, en Castrogudín, sexa incluído nos Orzamentos Municipais de 2024

Vilagarcía de Arousa, 13 de Febreiro de 2024

F. Xabier Rodríguez Paz

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á reparación e consolidación de vial na Rúa Souto de Arriba de Castroagudín.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

Que, á maior brevidade, se contacte coa veciñanza máis directamente afectada neste asunto, para pechar o acordo de cesión.

Que a dotación económica para executar o arranxo, ampliación e consolidación mediante muro de contención do vial de Souto de Arriba, en Castrogudín, sexa incluído nos Orzamentos Municipais de 2024

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBRE MELLORA DO PROXECTO DE ACCESIBILIDADE DA RÚA AMEIXEIRAS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU de data 21 de febreiro de 2024, do seguinte teor:

Juan M. Fajardo Recouso, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida no

Concello de Vilagarcía, mediante a presente veñen a presentar a seguinte MOCIÓN sobre mellora do proxecto de accesibilidade da rúa Ameixeiras en base a seguinte consideración de motivos:

O 21 de xaneiro anunciábase o comezo das obras de mellora na accesibilidade da rúa Ameixeiras, o inicio demorábase mais de tres meses dende a licitación das mesmas realizada en Setembro, cun prazo de execución de tres meses, deixando a un lado, este incumprimento das condicións de licitación das obras, algo habitual no concello de Vilagarcía, as obras estaban pensadas para mellorar a seguridade dos peóns que utilizan esa rúa para, fundamentalmente, acceder ao instituto.

Como recoñece o propio goberno local, trátase dun percorrido moi transitado e no que os peóns camiñan desprotexidos do tráfico rodado, esta situación empeorase a entrada e saída do centro escolar, pero ademais do centro escolar, a obra sitúase nun dos accesos a unha instalación deportiva utilizada por moitas persoas deste concello.

O proxecto licitado contempla unicamente un tramo de 110 metros de beira rúa, e deixa sen rematar outro tramo que uniría o remate do actual proxecto co inicio do campo de fútbol municipal. O actual proxecto que non contempla rematar o onxunto da veira rúa, obriga a cruzar a calzada nun paso de peóns previsto nunha curva con perigos que eso pode supoñer.

A explicación do goberno local para non rematar correctamente a obra, foi que os propietarios dese espazo necesario para completar o proxecto non cedían os terreos. Unha vez máis puidemos comprobar que esta afirmación era rotundamente falsa, nunha xuntanza mantida polo nos grupo cos propietarios desa parcela, a igrexa, estes mostraron a súa total predisposición a ceder os terreos para mellorar a seguridade viaria da obra, polo que non existe escusa para non rematar o proxecto de forma correcta, unha vez que o noso grupo ten o compromiso dos propietarios de atender a petición de cesión do espazo necesario, ante a inacción do goberno local .

Por todos estes motivos, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

O pleno da corporación insta ao goberno local a:

Primeiro.- Iniciar os trámites para asinar un convenio de cesión cos propietarios dos terreos da rúa Amexeiras para rematar o proxecto de accesibilidade.

Segundo.- Reservar no orzamento do 2024 a partida necesaria para completar a obra de accesibilidade na totalidade da rúa Ameixeiras a maior brevidade posible.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre mellora do proxecto de accesibilidade da Rúa Ameixeiras.

- Auséntase do Pleno D. Lino Mouriño Santiago.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e:

Primeiro.- Iniciar os trámites para asinar un convenio de cesión cos propietarios dos terreos da rúa Amexeiras para rematar o proxecto de accesibilidade.

Segundo.- Reservar no orzamento do 2024 a partida necesaria para completar a obra de accesibilidade na totalidade da rúa Ameixeiras a maior brevidade posible.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=12>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DE D. ALVARO CAROU GARCIA, EN CALIDADE DE CONCELLEIRO DE TURISMO, SOBRE O PROXECTO DE ACTUACIÓN DAS PRAIAS DA CONCHA E COMPOSTELA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de febreiro de 2024, do seguinte teor

Dáse conta do escrito presentado polos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU coa data de 21 de febreiro de 2024, achegando a seguinte solicitude:

Os concelleiros integrantes dos grupos municipais do Partido Popular de Vilagarcía, Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de febreiro de 2024 a moción que leva o seguinte nome:

“Solicitude de comparecencia de Don Álvaro Carou, en calidade de concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación das praias da Concha e Compostela”

Ana Granja Guillán voceira do Grupo Municipal do PP, Xavier Rodríguez Paz voceiro do Grupo Municipal do BNG e Juan Manuel Fajardo Recouso voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, presentan para o seu debate no pleno ordinario do mes de febreiro esta moción para dar conta da situación das Obras previstas na praia da Concha Compostela incluídas no proxecto de actuación de mellora da accesibilidade e tratamento da vexetación invasora das praias da Concha e Compostela.

Entre outras consideracións, reclamamos que a comparecencia debería conter explicación detallada, entre outras cuestións, dos seguintes aspectos:

- Data de Comezo das obras.
- Prazos de Execución.
- Afectación a eventos, servizos e instalacións da praia.
- Alegacións presentadas polo concello de Vilagarcía.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais asistentes á Comisión Informativa (PSG-PSOE, PP, BNG e EU), infórmase favorablemente a solicitude de comparecencia de D. Alvaro Carou García, en calidade de Concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación das praias da Concha e Compostela, que terá lugar no próximo Pleno Ordinario a devandita comparecencia.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a comparecencia de D. Alvaro Carou García en calidade de Concelleiro de Turismo, sobre o proxecto de actuación das praias da Concha e Compostela, que terá lugar no próximo Pleno Ordinario a devandita comparecencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=13>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- INTERPELACIONES OU CONTROL DAS DECISIONS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- RESPOSTA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte do Sr. Alcalde respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240229&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.